



### Equipo artístico

Coreografía e dirección  
Asistente de dirección e coreografía  
Asistente e repetidor

### Bailaríns

Maruxa Salas  
Erick Patrith Jimenez  
Igor Goyena

María Pilar Abaurrea  
Pablo Aradillas  
Lorena Ballesteros  
Elena Conesa  
Alexis Fernández (Maca)  
Carmela García  
Miguel Ángel Llorenz  
Kirenia Martínez  
Cristina Miralles  
Gustavo Muñiz  
Amparo Novas  
Matilde Pedreira  
Ana Beatriz Pérez  
Caterina Varela  
Iván Villar

Música e espazo sonoro  
Espazo escénico e iluminación  
Vestuario  
Pezas audiovisuais  
Deseño gráfico  
Fotografía

Berrogüetto  
Baltasar Patiño  
Ruth D. Pereira  
Adriana Domínguez  
Signum Deseño  
Ovidio Aldegunde



centro  
coreográfico  
galego




Colabora:



IGAEM

instituto galego  
das artes escénicas  
e musicais



# VACUO

DE MARUXA SALAS

centro coreográfico galego

XUNTA DE GALICIA



## VACUO

Primeira produción propia do Centro Coreográfico Galego

*Vacuo* é unha metáfora... a natureza, a nosa alma e cada un de nós mesmos.

Existimos pero non vivimos. Delimitamos o noso espazo con medos, preocupacións, prexuízos que enlodan e tinguen de negro, que nos privan de ver máis aló... non temos tempo na nosa vida cotiá de escoitar e gozar do son da chuvia, esquecemos a súa importancia física e espiritual...

Presentamos un espazo *Vacuo* que propón unha arte de vivir, non como unha explicación senón como comprensión, entendemento, concienciación... un xeito de rexeneración, de reformulación da vida, do presente, con matices e cores sen deixar que o agora se enturbe e mude en escuridade.

Sorprendentemente hoxe a natureza perde cor. Non será esta un espello da nosa alma? un modo de reflectir o noso presente máis inmediato?

A resposta está en nós mesmos, no noso propio *Vacuo*, un espazo onde hai cores, a túa cor, a da túa vida, lugar de renovación e comunicación, onde a inmensidade da natureza se pode contemplar, vivir, bailar e gozar.

Maruxa Salas

*Vacuo* é unha fábula sobre os incendios forestais, unha viaxe ao centro das nosas árbores interiores, un espectáculo para gozarmos cos sentidos e co cerebro. Ante os nosos ollos, a montaxe desprega a rede de sentimentos que o lume deixou en nós hai uns poucos meses, desde a sorpresa ao arrepío ou á vinganza. Porén, *Vacuo* pretende asemade trasladar o atentado ecolóxico ao interior de cadaquén. O xeito de vida actual, coas súas présas, o seu ruído, os seus escuros intereses materiais (os mesmos que están detrás dos incendios provocados) tamén estaría a nos converter en paisaxes ermos. Igual que as fragas, reducidas a cinzas, o noso interior esmorece. Habitamos espazos limitados, onde os nosos corpos berran a gritos sen que ninguén os atenda. O mundo que arde é un lugar inhóspito e baleiro. Só cara á fin da montaxe, cando chove, Galiza volve ser: baixo a forma de bágoas ou pingas de chuvia, a auga crea e libera. Porque a auga racha coa nosa soidade, transporta as riquezas e fecunda, porque é quen de atravesar unha terra devastada. O mesmo que o lume, a auga tamén ten a súa poética, os seus ciclos; ten momentos de enchente e de seca. Coa auga retornará a vida, talvez, e atoparemos unha posíbel rexeneración.

Maruxa Salas dá forma á primeira produción propia do Centro Coreográfico Galego cunha proposta atrevida, que usa a linguaxe do baile para construír unha auténtica alegación sobre un problema actual, demostrando así que a danza non

é necesariamente unha arte de elite, inaccesíbel para persoas non iniciadas ou carente de conexións coa realidade. As bailarínas e os bailaríns, xentes de moi diferente formación, poñen todos os recursos da súa técnica ao servizo dunha metáfora. E resulta. As pantallas que reproducen escenas filmadas, os exercicios de chan, a ausencia dunha sincronía absoluta nos movementos falan dunha concepción ben actual do baile. Porén, en medio de tanta vangarda, a música de Berrogüetto, adaptada para a ocasión, vincúlanos a unha terra e un momento histórico determinados e evitan o risco de que a mensaxe se faga tan transcendente que non nos toque. A voz cálida de Guadi Galego, máis unha vez, envolve e tece os camiños da tradición cos da modernidade. O resultado é *Vacuo*, unha metáfora bailada.

Teresa Moure



### Equipo técnico

Técnico de iluminación  
Técnico de son  
Técnico de audiovisual  
Encargado de talleres  
Tremoias

Perruquería  
Xastras

Pianista  
Profesoras de ballet

Produción  
Distribución  
Prensa

Jesús R. Arias  
Hugo Peñamaría  
Diego Villar  
Pablo Seoane  
Antonio Mallo "Toti"  
Eduardo Canedo  
María Barreiro  
Maruja Reimúndez  
Cristina Cordido  
Gelines Martínez Blanco  
Clotilde Vaello  
Roberto Beceiro  
Pilar Peña  
Beatriz Ponlla  
Belén Vázquez  
Carme Varela  
Víctor López Carbajales  
Ana Rosales  
Ana Miragaya

### Centro Coreográfico Galego

Coordinadora  
Produción  
Secretaría de dirección  
Axudante de produción

Natalia Balseiro  
Marcos Viéitez  
M<sup>a</sup> Luisa Vilaríño  
María Casar

**Agradecementos:** Suso Vaamonde, Xosé Lois Romero, Mar García, Armando Martén, Minas Campomarzo, María Luisa, Ramón Castro Barral, PALEXCO